

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE XUÑO

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 14 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 12 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández (agás os puntos 3b, 3c e 15a)
D^a. M^a Jesús Lago Rey (asiste aos puntos 3b, 3c e 15a)

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Jesús López Moure (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2b, 2c, 3b e 3c)
D. Secundino Otero Faílde (asiste ao punto 11a)
D. Luis Rodríguez Cadarso de la Peña (asiste ao punto 15a)
D^a. Marta M. Rioboó Ibáñez (asiste ao punto 15a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 7 de xuño de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 7 de xuño de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 7 de xuño de 2017, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles a EULEN, S.A. para que emendase a documentación persoal (*"Concretamente, deberá emendar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do PCAP. Na súa declaración responsable declara estar inscrito no Rexistro de Contratistas da*



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/05/2024 11:32 | Páxina 1 de 8 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA945-E1C3DC-A831C1-2NC5RL-81117V-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Comunidade Autónoma de Galicia, onde consta que teñen clasificación alternativa para un dos CPVs previstos no apartado 2B do Anexo I -FEC- do PCAP (98341130-5 (servizos de conserxería)), pero non teñen a clasificación correspondente ao CPV 92312000-1 (servizos artísticos), pois non existe clasificación alternativa”.

O citado licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a EULEN, S.A. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 7 de xuño de 2017, con data do 8 de xuño, se concedeu un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. GALAICONTROL, S.L. (“Declara unha solvencia técnica e profesional insuficiente”).
2. AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (“Declara unha solvencia técnica e profesional insuficiente. Lémbrese que de acordo co previsto na cláusula 8.4.3º do PCAP “Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”. En consecuencia, teranse en conta todos os contratos executados nun mesmo ano (calquera dos últimos cinco), non a suma dos contratos dos cinco últimos anos”).

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo os seguintes:

1. GALAICONTROL, S.L.
2. AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a GALAICONTROL, S.L. e AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/05/2024 11:32 | Páxina 2 de 8 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA945-E1C3DC-A831C1-2NC5RL-81117V-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 7 de xuño de 2017, con data do 8 de xuño, se concedeu un prazo de tres días hábiles a AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. para que emendasen a documentación persoal (“*Declara unha solvencia técnica e profesional insuficiente. Lémbrese que de acordo co previsto na cláusula 8.4.3ª do PCAP “Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”. En consecuencia, teranse en conta todos os contratos executados nun mesmo ano (calquera dos últimos cinco), non a suma dos contratos dos cinco últimos anos*”).

O citado licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L. presenta un só exemplar, en formato dixital, polo que se procede polo Servizo de Contratación a realizar unha copia.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

As empresas PROYFE, S.L. e PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. presentan un só exemplar, en formato dixital, polo que se procede polo Servizo de Contratación a realizar unha copia.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/05/2024 11:32 | Páxina 3 de 8 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA945-E1C3DC-A831C1-2NC5RL-81117V-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

As empresas PROYFE, S.L. e PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. presentan un só exemplar, en formato dixital, polo que se procede polo Servizo de Contratación a realizar unha copia.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Adjudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a adjudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- *Sesión do 29 de maio de 2017: A Mesa acordou non admitir neste procedemento a D. XOSE MARÍA MIGUÉNS GONZALVES por non ter presentado no Sobre 1 o xustificante de ter depositado a garantía provisional (esixido na cláusula sexta -punto2- do prego de cláusulas administrativas particulares), nin tela depositado (achega no sobre A escrito onde fai constar “actualmente non dispón da cantidade de 600€ para a realización do depósito da garantía provisional para a licitación do lote 1, encontrándose actualmente en trámites coa entidade Abanca para a obtención da cantidade indicada”).*
- *Sesión do 2 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte para o lote 3 (areal do Tombo do Gato) por cualificarse como NON APTA a súa proposta “por superar a superficie máxima construída de 20,00m².”*



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/05/2024 11:32 | Páxina 4 de 8 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA945-E1C3DC-A831C1-2NC5RL-81117V-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- *Sesión do 6 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte do lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II do prego) por ofertar un canon por debaixo do canon mínimo a aboar ao Concello esixido na cláusula cuarta do prego.*

Segundo.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306) na seguinte orde descendente:

| <i>Lote 2, quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)</i> | |
|---|------------|
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. | 100 puntos |

| <i>Lote 3, quiosco do areal do Tombo do Gato</i> | |
|--|------------|
| D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO | 100 puntos |

| <i>Lote 4, quiosco do areal do Tombo do Gato</i> | |
|--|--------------|
| D ^a . OBDULIA LASTRA FRANCISCO | 100 puntos |
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. | 90,13 puntos |

| <i>Lote 5, quiosco do areal de Argazada</i> | |
|---|--------------|
| D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO | 100 puntos |
| D ^a . OBDULIA LASTRA FRANCISCO | 83,93 puntos |

| <i>Lote 6, quiosco do areal de Samil</i> | |
|--|--------------|
| D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE | 100 puntos |
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. | 65,48 puntos |

| <i>Lote 7, quiosco do areal de Samil</i> | |
|--|--------------|
| D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE | 100 puntos |
| ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. | 60,50 puntos |

| <i>Lote 8, quiosco do areal de Samil</i> | |
|--|------------|
| D ^a . MARÍA FRANCISCO TOURIÑO | 100 puntos |



| <i>Lote 9, quiosco situado no areal do Vao</i> | |
|--|-------------------|
| <i>ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.</i> | <i>100 puntos</i> |

| <i>Lote 11, quiosco do areal da Etea</i> | |
|--|-------------------|
| <i>D. MANUEL LAGO CHAPELA</i> | <i>100 puntos</i> |

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida na cláusula quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 145,70 euros (13,25 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. nos lotes 2 e 9, D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO nos lotes 3, 5 e 8, D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO no lote 4, D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE nos lotes 6 e 7 e D. MANUEL LAGO CHAPELA no lote 11, o día 8 de xuño de 2017, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido (ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. o 8 e 14 de xuño, D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE o 9 de xuño e os demais o 14 de xuño).

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/05/2024 11:32 | Páxina 6 de 8 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA945-E1C3DC-A831C1-2NC5RL-81117V-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



licitadores e, simultaneamente, publicárase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), de acordo co informe de valoración do sobre 2 “*modelo de quiosco proposto*” de data 30 de maio de 2017 e das puntuacións outorgadas pola Mesa de Contratación logo da apertura do sobre 3 “*proposición económica*”, na sesión do 6 de xuño de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 2 (quiosco do areal de Santa Baia - Alcabre) e 9 (quiosco situado no areal do Vao) cun canon de 1.510,08 e 16.150,08 euros, respectivamente.*
2. *Autorizar a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 3 (quiosco do areal do Tombo do Gato), 5 (quiosco do areal de Argazada) e 8 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 7.528,00, 18.528,00 e 15.028,00 euros, respectivamente.*
3. *Autorizar a D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato) cun canon de 9.155,00 euros.*
4. *Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a instalación e explotación por*



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/05/2024 11:32 | Páxina 7 de 8 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA945-E1C3DC-A831C1-2NC5RL-81117V-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 6 (quiosco do areal de Samil) e 7 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 25.199,99 e 26.199,99 euros, respectivamente.

5. *Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 11 (quiosco do areal da Etea) cun canon de 3.111,00 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

- **Escrito presentado por OH VIGO, S.L. co asunto “Aclaracións e xustificantes sobre a non obtención do aval bancario e a débeda con traballadores da empresa OH VIGO, S.L.”**
- **Escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre se as empresas OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L. foron sancionadas con carácter firme en materia laboral ou social**
- **Escrito do Xulgado Social nº 2 de Vigo en relación cos títulos xudiciais nº 228/2013 (demandadas OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L.)**

Entrégase a documentación relacionada neste punto da orde do día aos membros da Mesa.

Logo da súa análise, a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar do Xulgado Social nº 2 de Vigo aclaración da resposta recibida dese Xulgado de data 7 de xuño de 2017, en relación co expediente de execución de títulos xudiciais 228/2013, sobre as razóns ou fundamentos xurídicos que motivaron que se procedese a unha condena solidaria das empresas OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L.

A Mesa queda á espera de recibir a anterior documentación, así como a solicitada do Rexistro Mercantil.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/05/2024 11:32 | Páxina 8 de 8 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AHA945-E1C3DC-A831C1-2NC5RL-81117V-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |